

2001

PRIMEIRA CAMPAÑA DE LIMPEZA Cunha duración de 20 domingos consecutivos (de maio a setembro), dende as 09.00 ata as 12.00 h, un grupo de veciños e veciñas dos concellos de Vilaboa e Pontevedra retiramos maleza e todo tipo de lixo (plásticos, rodas, zapatos, roupa, enseres de cociña, etc), aproximadamente 5 toneladas.

Nesta campaña contouse coa colaboración de persoal e internos do Centro de Menores Avelino Montero.

OBRADOIRO E COLOCACIÓN DE CAIXAS NIÑO Coa participación de 31 rapaces e rapazas confeccionáronse 25 caixas niño, que foron colocadas en todo o tramo do río, dende o seu nacemento ata a súa desembocadura, co obxectivo de favorecer e fixar poboación de paxaros no dito hábitat.

SOLTA DE TROITAS Soltáronse, en colaboración coa Consellería de Medio Ambiente, 2000 troitas (*Salmo Trutta Fario*) coa finalidade de incrementar a riqueza piscícola do río.

CONSTRUCCIÓN DE PONTES DE MADEIRA Elaboráronse e colocáronse diversas pontes de madeira sobre o río e os seus afluentes, para favorecer as camiñadas.

CATALOGACIÓN DE AVES Programáronse distintas saídas cun ornitólogo para levar a cabo un inventario das diversas aves que viven ou visitan o río.

CATALOGACIÓN DE INSECTOS Programáronse distintas saídas cun entomólogo para levar a cabo un inventario dos diversos macroinvertebrados que habitan ou visitan o río.

ELABORACIÓN DUN INFORME Elaborouse un informe onde se reflectiron tódalas agresións que está a sufrir-lo río (urbanísticas, vertidos, etc.) e foilles remitido ás distintas institucións que teñen competencia sobre o coidado e o mantemento do río.

I FESTA DO RÍO Contou coa participación de tódolos veciños que dun xeito ou doutro participaron nas diversas actividades que se desenvolveron no ano 2001. A dita festa contou con música tradicional, comida, xogos populares e obradoiros de reciclaxe, así como cun paseo polo río.